



## ANEXO V

### Modelo de certificación de condicións de seguridade no centro educativo

O 22 de xullo de 2020 dítase a *Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2020-2021, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.*

No protocolo establécese o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dna. \_\_\_\_\_ solicitou a súa consideración como  
persoal sensible.

Polo exposto, D./Dna. \_\_\_\_\_, na súa calidade de  
Director/a do centro de ensino público,

**INFORMA:**

*Marcar con X ou tachar o que non proceda*

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: *docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.*
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc.) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de \_\_\_\_\_,  
asínase o presente informe con data \_\_ / \_\_ /2020.

Sinatura e selo:

DIRECTOR(A) DO CENTRO